

BASES DO IV PREMIO DE ARQUITECTURA “RODOLFO UCHA PIÑEIRO”

Primeira.- Convocatoria.

Poderán optar ó premio tódolos/as arquitectos/as superiores ou equipos pluridisciplinares españois ou estranxeiros que desenvolvan o seu traballo nas áreas relacionadas como obxecto deste premio.

A presentación da obra ou obras á concesión do premio poderá vir subscripta a título persoal polo/a autor/a ou autores/as, polo/a propietario/a ou propietarios/as ou ben polo/a promotor/a ou promotores/as das obras presentadas.

O ámbito a ter en conta a efectos do presente premio é o de obras rematadas nos anos 2005,2006 e 2007 circunscritas ós termos municipais incluídos nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal , podendo ser eliminadas as obras que o xurado considere non finalizadas por completo.

Segunda.- Categorías.

As propostas deberán encadrarse dentro dalgunhas das seguintes categorías:

A) *Edificio de nova planta.* avaliarase a arquitectura de nova planta que saliente polos seus propios valores e a súa adecuada implantación no contorno. Terán especial relevancia as contribucións innovadoras, con novos materiais e tecnoloxías.

B) *Rehabilitación de edificios ou espazos públicos.*

Rehabilitación de edificios: Inclúe as actuacións de renovación, recuperación e valorización de edificios e a súa revitalización. Avaliarase o grao de adecuación da intervención e a súa incidencia na conservación do patrimonio histórico-arquitectónico.

Rehabilitación espazos públicos: Consideraranse as obras de urbanización integral de espazos libres de uso público (parques, xardíns, prazas, pequenos espazos urbanos, ...), que teñan relevancia polo seu deseño, e tódolos elementos constitutivos do espazo público (mobiliario urbano, fontes, quioscos, medianeiras, muros,...)

Terceira: Dictame e premios

O dictame do xurado referirase separadamente a cada unha das categorías definidas na base segunda, podendo deixar desertas as que se consideren inadecuadas ou outorgando un premio a cada modalidade, así como os accésits que, segundo a calidade das propostas, resulten pertinentes, ata un máximo de tres por categoría. Os/as autores/as das actuacións premiadas recibirán o premio en metálico e un diploma acreditativo; os/as promotores/as e constructores/as das mesmas recibirán un diploma acreditativo, de igual xeito cás propostas dos/as autores/as das obras que obteñan accésits.

O xurado, á vista da documentación presentada, poderá realizar unha selección previa daquelas obras que considere que reúnen condicións suficientes para optar ó premio e unha visita posterior ás mesmas.

O dictame farase público antes do 15 de maio do ano 2008 e será inapelable. A proclamación e entrega dos premios farase en acto público que se anunciará oportunamente.

Cada premio estará dotado de 6.500 euros, carecendo os accésits de dotación económica.

Cuarta.- Inscripción e prazos.

A presentación de propostas para poder concorrer a este premio formalizarase mediante escrito dirixido ó Alcalde dentro do prazo establecido nas presentes Bases e segundo o

modelo de instancia que figura como anexo.

Cada traballo presentado so poderá concursar nunha categoría.

O prazo de presentación das propostas remata ás 14.00 horas do día 31 de marzo do ano 2008, debendo efectuarse no Rexistro do Concello.

O xurado constituirase nos quince días seguintes e procederá á selección e á admisión das obras presentadas, fixando un calendario para a visita daquelas obras que considere necesario visitar. Rematada a fase anterior, o xurado reunirse para emitilo seu dictame, que terá que producirse dentro do mes seguinte.

Quinta.- Documentación.

As propostas deberán ser presentadas coa seguinte documentación mínima:

- a) Nome do/a autor/a ou autores/as da obra, especificando a categoría na que concursa.
- b) Certificación subscrita polos/as autores/as na que se dea fe do remate da obra dentro do prazo establecido na cláusula primeira.
- c) Curta memoria descritiva do traballo presentado, con xustificación dos valores estimados, a xuízo dos/as autores/as.
- d) Planos:
 - Situación, suficientemente clara, para permiti-la fácil localización da obra.
 - Plantas da totalidade da obra.
 - Alzados completos.
 - Seccións
- e) Fotografías expresivas, a xuízo dos/as autores/as.

A documentación correspondente ós apartados c), d) e e) presentarase no formato DIN A3 ou sobre base destas dimensións.

A documentación achegada quedará en propiedade do Concello, que poderá publica-las obras presentadas.

Sexta.- Composición do xurado.

O xurado do premio estará composto da seguinte forma:

. Presidente:

- Alcalde de Ferrol.

. Vocais:

- Concelleiro Delegado de Equipamento, Vivenda, Obras e Rehabilitación.
- Un representante por cada grupo municipal que compoñen a Corporación Municipal.
- Un técnico de recoñecido prestixio designado polo COAG.
- Un técnico de recoñecido prestixio designado pola Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Consellería de Cultura.
- Un arquitecto de recoñecido prestixio designado pola Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña.
- Un arquitecto de recoñecido prestixio designado polo Concello.
- Un técnico de recoñecido prestixio designado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos.
- Dous técnicos da oficina de Rehabilitación do Concello de Ferrol

. Secretario:

- Secretario do Concello de Ferrol, ou funcionario/a no que delegue, con voz e sen voto.

Para a constitución do Xurado precisarase a presenza de, polo menos, catro dos seus membros: Presidente, Secretario e dous Vocais.

No caso de empate, decidirá o Presidente co seu voto de calidade ou, no seu caso, concedendo o premio compartido.

Sétima.- Incompatibilidades.

Son incompatibles para optar ó premio os membros do xurado. Se algún dos/as autores/as presentados/as tivese algunha relación directa con membros do xurado, estes deberán absterse.

Oitava.- Outras.

A concorrencia a este premio implica o coñecemento e total aceptación das presentes bases.

Tanto a actuación do xurado como tódolos demais aspectos do procedemento esgotarán a vía administrativa.

Ferrol, 28 de xaneiro de 2008

O concelleiro delegado de Equipamento, Vivenda, Obras e Rehabilitación.

Asdo.: Miguel A. Reimundez González